


dmd
DEREITO A MORRER DIGNAMENTE
GALICIA
memoria

2021



Presentación

En 2021 o Parlamento español aprobou a Lei Orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia (LORE). Para a Asociación DMD, é o acontecemento máis importante desde que se fundou en 1984, un avance nos dereitos que agora hai que consolidar, e ampliar, promovendo o seu desenvolvemento en todos os territorios do Estado para garantir que todas as persoas poidan exercer o seu dereito a morrer en liberdade, tal e como regula a Lei.

O 17 de decembro de 2020 o Congreso aprobou a LORE (con 198 votos a favor, 138 en contra e 2 abstencións) e enviouna ao Senado, de onde volveu con pequenas modificacións para ser aprobada definitivamente o 18 de marzo, sendo publicada no BOE o 25 de marzo de 2021, tres anos despois da primeira proposición e 23 da morte de Ramón Sampedro.

A LORE estableceu un período de tres meses para a súa entrada en vigor, no que as CCAA debían nomear a súa Comisión de Garantía e Avaliación para realizar a verificación previa de cada solicitude e o rexistro de obxección de conciencia. Nese prazo de tempo DMD Galicia traballou para facer chegar as súas propostas á Consellería.

Tal e como nos advirten as asociacións polo dereito a morrer de Países Baixos e Bélxica, unha vez aprobada a lei temos moito traballo por diante. Agora vén o difícil: facer que a lei sexa unha realidade e melloralala. Niso estamos, asesorando sobre como se solicita, cunha nova proposta de texto para o testamento vital, vixiando para que se cumpran os trámites, informando a administración dos aspectos que hai que mellorar, como por exemplo a eutanasia na sanidade privada.

Chegar ata aquí non foi fácil e non esperamos que o sexa de agora en diante, pero seguiremos avanzado.

A memoria preséntase en bloques de acordo ao plan estratéxico de DMD Federal, do que DMD Galicia desenvolve unha parte correspondente ao territorio autonómico. Ao comezo de cada bloque preséntase a parte correspondente a este plan federal, redactado en castelán, e a continuación, o seu desenvolvemento en Galicia, redactado en galego.

- **Acción política** *(Páxina 3)*
- **Comunicación** *(Páxina 5)*
- **Asociación DMD** *(Páxina 8)*

Política

Plan de Acción Política de DMD

Extracto del Plan estratégico 2019 - 2022 de la Asociación Federal

La finalidad fundamental de DMD es "defender el derecho de toda persona a disponer con libertad de su cuerpo y de su vida, y a elegir libre y legalmente el momento y los medios para finalizarla" (Estatutos, art. 2 a).

Para alcanzar el reconocimiento de la disponibilidad de la propia vida hay que recorrer un largo camino que pasa por defender los derechos de la ciudadanía al final de su vida (art. 2 b) (recogidos en la ley 41/2002 básica de la autonomía del paciente, reformulados en las leyes de muerte digna autonómicas y próximamente estatal), por defender la despenalización de la eutanasia y el suicidio asistido para personas con enfermedades avanzadas que libremente desean liberarse de un sufrimiento que viven como intolerable (art. 2 c) y por ayudar a las personas asociadas al final de su vida mediante los recursos de los que, en cada momento, disponga la asociación (art. 2 d).

Todas las actividades que tengan una finalidad transformadora de la realidad son de naturaleza política. Es decir, el respeto a libertad individual, el reconocimiento de la disponibilidad de la propia vida como un derecho, es una reivindicación política. Por ello, como agente generador de cambios sociales, DMD es una organización política, pero apartidista, lo que significa que no apoya a partidos políticos, sino aquellas causas que tienen relación con la finalidad de DMD, o sea, la defensa de los derechos humanos.

● Objetivo 1

Promover una Ley de eutanasia

- Solicitar a representantes políticos su apoyo a la despenalización de la eutanasia
- Promover mociones institucionales (ayuntamientos, diputaciones, CCAA) de apoyo a la eutanasia
- Realizar actos públicos con representantes políticos (mesa política)

● Objetivo 2

Incorporar la calidad de la muerte como indicador

- Informar a las personas responsables de las instituciones de la situación de desconocimiento general de la población sobre sus derechos (dato: número de testamentos vitales) y de la mala calidad de muerte (dependiendo del médico o médica que te toque, según todos los estudios publicados). En este sentido, los servicios sociales municipales tienen acceso a una población de personas mayores (muchas de ellas dependientes y con tele-asistencia y/o ayuda a domicilio), a los que por la vía de la desinformación se les priva de su derecho al testamento vital y a elegir entre opciones clínicas
- Formación de personas de la administración sobre derechos y testamento vital (charla o taller a cargo de la administración o de DMD, dirigida a profesionales de la salud, trabajo social, centros de mayores, asociaciones de pacientes, etc. con la finalidad de acabar con el tabú de la muerte y planificar anticipadamente las decisiones al final de la vida)
- Instar a la administración a realizar campañas de difusión de derechos al final de la vida y testamento vital: mensajes en radio y TV, folletos y carteles, actos públicos en centros de salud, centros de mayores, servicios sociales, dependencias municipales, etc
- Observatorio de la Muerte Digna: Instar a las administraciones a realizar un trabajo de investigación sobre la calidad de muerte, tomando medidas para mejorarla.
- Denunciar situaciones de sufrimiento evitable al final de la vida que podrían haberse remediado con una asistencia sanitaria y social adecuada.

Acción Política

É unha dimensión do noso traballo na que deberemos afondar. No 2021 mantivemos entrevistas con portavoces parlamentarios de PSdeG-PSOE e do BNG, coa finalidade de solicitarlles a presentación de iniciativas parlamentarias.

- Para instar á Xunta de Galicia a que dera cumprimento ao previsto na LORE respecto á formación
- Reclamar accións para a sensibilización d@s profesionais sanitari@s sobre o novo dereito e a nova prestación desenvolvidos na Lei
- Recoller explícitamnte a "opción eutanasia" entre as que as persoas poideran elixir no modelo de testamento vital que utiliza a Consellería de Sanidade
- Que se realizaran accións públicas de sensibilización social e información sobre á LORE e o testamento vital.

● En memoria de Ramón Sampedro

Solicítase ao Concello que se adique unha praza ou rúa na capital de Galicia a Ramón Sampedro, neste ano 2021, de aprobación e entrada en vigor da Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia.

Conséguese o apoio explícito do Ateneo Compostelán.

● Delegación de Goberno

Entrevista có Delegado do Goberno, Javier Losada, sobre a L.O.R.E.

● Consellería de Sanidade

Reunión co Conselleiro de Sanidade e o Director de Asistencia Sanitaria para tratar diversos aspectos sobre a aplicación da L.O.R.E.: facilitación da prestación, divulgación, comisión de garantía e avaliación, formación do persoal sanitario, obxección de conciencia, adaptación do documento de instrucións previas.

● Grupos Parlamentarios

Establécense contactos cos grupos parlamentarios do PsdeG (PSOE) e BNG, a fin de introducir as nosas reivindicacións relativas á eutanasia e á declaración de instrucións previas (testamento vital) dentro do Parlamento de Galicia, mediante algunha fórmula prevista no propio regulamento da cámara.

Comunicación

Plan de Comunicación de DMD Federal


Extracto del Plan estratégico 2019 - 2022 de la Asociación Federal

OBJETIVO GENERAL:

Sensibilizar a la sociedad de la importancia de despenalizar la eutanasia y el suicidio asistido en España.

● Objetivo 3

Mejorar la imagen de DMD

- Actualizar el logotipo
- Diseñar nueva página web
- Diseño de Manual de identidad corporativa
- Actualizar material con nueva imagen
- Diseñar material didáctico y de difusión
- Generar información rigurosa (<http://libreshastaelfinal.org/>) 
- Generar material gráfico propio: fotografía, vídeos...

● Objetivo 4

Conseguir mayor visibilidad en los medios de comunicación

- Actualizar dossier de prensa
- Aumentar la relación con la prensa
- Generar contenido fiable y seguir siendo referentes en nuestras RRSS
- Fomentar la participación de soci@s en medios locales.
- Diseñar una campaña con soci@s famos@s para generar repercusión social

● Objetivo 5

Difundir la idea de DMD y fomentar que la ciudadanía conozca sus derechos

- Campaña e-mailing entre soci@s y simpatizantes "Haz tu testamento vital"
- Campaña de marketing de contenido sobre TV y derechos sanitarios en RRSS
- Campaña en Centros de Salud: carteles/ mesas informativas
- Adaptar el material institucional incluyendo información con pautas sobre cómo abordar el tema con familia y amigos/as. Tratar de empatizar con el lector.
- Elaborar mensajes de impacto para la movilización o agitación social: eslóganes, pancartas, pegatinas, pins, carteles, postales o tarjetas (envío masivo), etc.

● Objetivo 6

Llegar a menores de 35 años

- Crear una campaña con mensaje y lenguaje adaptado
- Tener presencia en todos los niveles del mundo educativo (universidades, institutos...)
- Explorar otros canales de comunicación, como la música, la plástica, gestual...

Acadar maior visibilidade nos medios de comunicación

Aínda que a maior parte do plan estratéxico de DMD en canto a comunicación recae sobre DMD Federal, dende DMD Galicia mantemos relación coa prensa local e rexional sempre que podemos. Ao longo de 2021 atendemos fundamentalmente as súas demandas de información sobre a LORE, tanto no período de implementación da mesma como no do seu desenvolvemento dende a entrada en vigor.

Velaquí algúns exemplos, das aparicións en prensa ao longo do ano 2021:

- El Correo Gallego** (Entrevista a Ascensión Cambrón)
7 de xaneiro

 ["Nesta conquista que acabamos de obter, hai que recoñecerlle o gran mérito á figura de Ramón Sampedro"](#)

"Gustaríame engadir que nesta conquista que acabamos de obter, hai que recoñecerlle o gran mérito á figura de Ramón Sampedro, que durante moitos anos fixo todos os pasos que a lexislación lle permitía para dar a coñecer que había que regular a eutanasia".
- La Voz de Galicia**
11 de xaneiro

 ["Ramón Sampedro ganó la batalla 23 años después de su muerte"](#)

"Una treintena de amigos y familiares asistieron en As Furnas al homenaje al tetrapléjico sonense que impulsó la ley de eutanasia que acaba de aprobarse".
- Faro de Vigo**
10 de xaneiro

 ["Denuncian en Vigo el incumplimiento por parte de la Xunta de la ley de muerte digna"](#)

"Reclaman un plan de cuidados paliativos "coherente" por parte de la consellería de Sanidade".
- La Voz de Galicia**
8 de xaneiro

 ["Xuño agradece a Ramón Sampedro su lucha por una muerte digna"](#)

"La playa de As Furnas será escenario de una lectura de poemas y un lanzamiento de claveles".
- Diario de Pontevedra** (Entrevista a Ascensión Cambrón)
18 de xaneiro

 ["La vida es un derecho, pero no un deber"](#)

"La presidenta de la asociación Derecho a Morir Dignamente (DMD) en Galicia defiende la legalización de la eutanasia".
- Faro de Vigo**
18 de marzo

 ["La huella de Ramón Sampedro 23 años después"](#)

"Fue el primer español en reclamar ante los tribunales el derecho a una muerte digna".

Conseguir mayor visibilidad en los medios de comunicación

● **Televisión de Galicia** (*Entrevista a Isabel Blanco*)
10 de abril

👉 ["Falamos da lei de eutanasia"](#)

...

● **El Correo Gallego**
22 de agosto

👉 ["El Sergas empieza a recibir las primeras solicitudes de eutanasia"](#)

"Derecho a Morir Dignamente denuncia el bloqueo del procedimiento".

Revista de DMD Federal

● Participación de DMD Galicia no grupo de redacción



A revista de DMD édítase por un grupo de persoas pertencentes ás diferentes directivas autonómicas. DMD Galicia intégrase neste grupo a través de Ascensión Cambrón.

No 2021 editáronse tres números da revista. No número 83 publícase un artigo escrito por Miguel Anxo García e titulado "Idade, morte digna e COVID-19", no cal analiza o cribado á hora de acceder a recursos asistenciais, ante a falta dos mesmos polo efecto do COVID.

Asociativo

Plan de Objetivos Asociativos

Extracto del Plan estratégico 2019 - 2022 de la Asociación Federal

● Objetivo 7

Más personas asociadas, formadas y comprometidas

- Proponer a las personas que acuden a los actos públicos y mesas de información que se hagan socias. Realizar campañas de captación de socias en internet y RRSS.
- Aumentar el número de simpatizantes (no pagan cuota), a las que se convocará a los actos públicos y de vez en cuando se les propondrá que se hagan socias.
- Convocar a las nuevas socias a una reunión de acogida.
- Impulsar la formación de las personas asociadas: estudiar la implantación de un plan de formación para soci@activistas a nivel federal con eventual desarrollo de herramientas online.
- Facilitar el desarrollo de las actividades propuestas por las soci@activistas (cine fórum, club de lectura, escuela de muerte digna) "para hacer comunidad".
- Escuela de Muerte Digna: nivel básico, medio y avanzado para sociactivistas.
- Fomentar el ciberactivismo: aumentar el número de seguidores en Facebook y en Twitter.

● Objetivo 8

Una organización sustentada por los grupos locales

- Acercar DMD a las personas asociadas.
- Convocar a las personas asociadas a formar o incorporarse a un grupo local.
- Elaborar un material de bienvenida para los grupos: reglamento e información y materiales de formación
- Apoyar al grupo local en todo aquello que requiera, orientándole sobre las actividades y ofreciendo el soporte necesario (convocatoria, cartelería, medios de comunicación, local, etc.).
- Facilitar la integración de las sociactivistas en DMD compartiendo información sobre las actividades de los grupos locales (DMD comparte: Mails donde los grupos informan sobre programas o actividades que salgan de la rutina habitual).
- Comunicados de prensa: serán enviados a todos los grupos para que reciban la información de primera mano y puedan atender a la prensa en caso de que les contacten.
- Crear grupos de trabajo transversales según profesiones.
- Crear una red de comunicación interna en la que participen todos los grupos locales (Slack)

● Objetivo 9

Una gestión eficiente, democrática y transparente

● Objetivo 10

Compromiso con los derechos humanos y conexión con el tejido asociativo.

- Establecer redes con todo tipo de organizaciones, participando en foros y conferencias, promoviendo actos, tertulias, cine-fóruns, etc...

● Objetivo 11


Atención a las personas asociadas al final de la vida

Máis persoas asociadas, formadas e comprometidas

Datos valorados ata o 31/12/2021

Total socias e socios 267


A Coruña	130
Pontevedra	100
Lugo	26
Ourense	11



Altas e baixas anuais

Non existe rexistro das baixas anteriores ao 2013

- Altas
- Baixas



Altas mensuais



Unha xestión eficiente, democrática e transparente

● Asemblea de socias e socios

É o órgano de goberno da asociación e convócase polo menos unha vez ao ano para expoñer a xestión da directiva.

- Asemblea Xeral Ordinaria realizada o 17 de abril, de forma telemática debido ás restricións de aforo (COVID19). Á finalización desta, realízase a Asemblea Extraordinaria para a elección dunha nova Xunta Directiva, na cal se integran como vogais a meirande parte das persoas que abandonan outros cargos directivos.

● Xunta Directiva de DMD Galicia

A Xunta Directiva é elixida en Asemblea de Socias e Socios; é o órgano de xestión de DMD Galicia e intégrase á súa vez na Asociación Federal. Tras a Asemblea de abril, a nova Xunta Directiva se reúne en maio e setembro para reorganizar os cargos.

Presidente: Miguel Anxo García Álvarez

Vicepresidenta: Isabel Blanco Domínguez

Secretaria: Xulia Novales Ordax

Vicesecretaria: Neves Núñez Delgado

Tesoureira: Ascensión Cambrón Infante

Vocais: Alexandra Sanmarful Schwarz, Delia Guitián Rodríguez, Laura Fernández Abalde, Leonor Estévez Álvarez, Lucía Calvo Martínez e Pilar Pérez Subías.

- A Directiva volve reunirse en outubro, novembro e decembro

● Participación nos órganos de Federal

A Asociación DMD Galicia intégrase na Asociación Federal (AFDMD), na que desenvolve traballo común co resto de asociacións autonómicas. A organización Federal convoca polo menos dous encontros presenciais ao ano, e pon a disposición ao seu equipo técnico para cubrir necesidades que poidan xurdir en Galicia. En 2021 non se realizaron encontros presenciais, pero tiveron lugar as seguintes reunións virtuais nas que participou DMD Galicia.

- 28 de xaneiro:
Reunión para acordar posturas ao redor dos aspectos máis relevantes da LORE, fundamentalmente as Comisións de Garantías e Avaliación, e a obxección de conciencia.
- 12 de abril e 23 de xuño:
Reunión para coordinar a Atención Personalizada que ofrece a asociación a nivel Federal.
- 24 de abril:
Asemblea Ordinaria de Socios e Socias de DMD Federal.
- 1 de xuño e 16 de outubro:
Reunión de Xunta Directiva de Federal con diversos asuntos a tratar.

Ademais de formar parte dos órganos de goberno de Federal, DMD Galicia intégrase en grupos de traballo específicos que abordan diferentes liñas de traballo a nivel federal.

- Comisión destinada a estudo e posta en marcha de accións para mellorar o funcionamento dos rexistros de Testamento Vital, así como a redacción do modelo de DMD adaptado á futura lei de eutanasia e outras cuestións relativas ao testamento vital.
- Comisión destinada a desenvolver regulamentación para o funcionamento de DMD.
- Comisión de traballo para definir accións encamiñadas a influír e asesorar ás Comunidades Autónomas para a implementación da LORE.

Una gestión eficiente, democrática y transparente

● Caixa Común de DMD Federal

A Asociación Federal na que está integrada DMD Galicia, adoptou un modelo de caixa común consistente en unificar os ingresos de todos os grupos. Con isto preténdese:

Mellorar o funcionamento da organización utilizando os recursos humanos e materiais da federación coa máxima eficacia, diminuíndo custos e poñendo ao dispor dos grupos un equipo técnico para diferentes áreas de traballo.

- Descargar aos grupos sen capacidade para contratar a unha persoa destas tarefas, facilitando o obxectivo fundamental da asociación: a difusión.
- Que todos os grupos teñan capacidade de desenvolver o Plan Estratéxico da Asociación sen que existan diferenzas entre os grupos con maior capacidade económica e os que menos recursos económicos teñen.
- Nesta memoria preséntanse os ingresos e os gastos directos de DMD Galicia. Ademais destes gastos de DMD Galicia, DMD Federal mantén servizos comúns a todas as Comunidades Autónomas desde a oficina da Porta do Sol co equipo técnico ao dispor dos grupos.

Entre as funcións principais están; atender as necesidades de socias e socios así como das persoas que acoden ou chaman para solicitar asesoramento, realizar a xestión administrativa e de tesourería, fomentar a creación de grupos de traballo en lugares con menos capacidade económica, xestionar e manter a aplicación para a xestión das persoas asociadas, administrar e dotar de contidos a páxina web de DMD, confeccionar o material gráfico e de difusión, fomentar a aparición de DMD en medios de comunicación, etc.

● Informe de contas de DMD Galicia

Os gastos de DMD Galicia sepáranse en dous grupos, por unha banda o gasto directo derivado do desenvolvemento das actividades e por outro, o gasto compartido co resto da Asociación Federal que permite manter a estrutura común a través da Caixa Común. Este gasto repártese entre as diferentes asociacións federadas de maneira proporcional ao número de persoas asociadas que teñen; para Galicia o gasto asignado foi de 14.788€. As contas de DMD Federal publícanse coa súa memoria anual e detallan os gastos da organización.

Galicia tivo uns ingresos de 14.795€ e un gasto directo de 2.940€, detállanse nos seguintes epígrafes.

● Gastos de material corporativo	1.727,01€
(Trípticos, despregable DMD Galicia, impresión materiais, revista DMD, etc.)	
● Gastos materiais de oficina	184,93€
(Envíos postais, papelería, taxas, etc...)	
● Gastos de actividades	154,41€
(Gastos de desprazamentos, aloxamentos, etc...)	
● Asembleas e gasto reunións	873,87€
(Custos derivados da Asemblea de Galicia, asistencias a Federal e reunións dos grupos)	
● Total	2.940,00€

Compromiso cos dereitos humanos e conexión co tecido asociativo

Conexión co tecido asociativo

A base do traballo de difusión dos grupos de DMD consiste en establecer contactos co tecido asociativo e ofrecer o desenvolvemento de actividades conxuntas. DMD mantén relación con numerosas asociacións e organizacións coas que se desenvolveron actividades.

Despois dun considerable parón, motivado polas restricións sociosanitarias, retomáronse os actos de difusión dos dereitos sanitarios, particularmente do dereito á eutanasia.



10 de xaneiro

Actividades varias


Día da Morte Digna en Galicia

Actividades para conmemorar o día da Morte Digna en Galicia e en lembranza de Ramón Sampedro.

- **Concentración en A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo**
- **Acto en lembranza de Ramón Sampedro**
Ofrenda floral na Praia de As Furnas, Xuño - Porto do Son



[Vídeo homenaxe a Ramón Sampedro](#)

 Elaborado pola asociación DMD Galicia para lembrar a loita de Ramón no ano que se aproba a Lei de Eutanasia

18 de marzo

Concentración

Aprobación da LORE na Cámara Lexislativa.

Organizada por DMD Galicia.

Organízanse concentracións para celebrar a aprobación da LORE en A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela.

Compromiso con los derechos humanos y conexión con el tejido asociativo



17 de xuño

Formación a profesionais

Organizada por DMD Galicia e DMD Federal

Realízase unha videoformación para profesionais da sanidade en Galicia, que imparte Fernando Marín, Vicepresidente Federal de DMD e médico paliativista.

23 de novembro

Charla Coloquio - A Coruña

“Eutanasia e testamento vital”

Organizada por CCOO e DMD Galicia.

Relatores/as: Miguel Anxo García Alvarez e Ascensión Cambrón Infante

01 de decembro

Charla Coloquio - Ourense

“Eutanasia e testamento vital”

Organizada por CCOO e DMD Galicia.

Relatoras: Ascensión Cambrón Infante e Neves Núñez Delgado

01 de decembro

Charla Coloquio - Vigo

“Eutanasia e testamento vital”

Organizada por CCOO e DMD Galicia.

Relatoras: Laura Fernández Abalde e Alexandra Sanmarful Schwarz

17 de decembro

Charla Coloquio - Vilagarcía de Arousa

“Eutanasia e testamento vital”

Organizada por CCOO e DMD Galicia.

Relatoras: Isabel Blanco Domínguez e Alexandra Sanmarful Schwarz

Atención ás persoas asociadas ao final da vida

Un dos obxectivos asociativos de DMD é "axudar ao socio/a ao final da súa vida". A atención personalizada vai dende asesoramento básico sobre o testamento vital ata asesoramento médico en situacións ao final da súa vida. En calquera caso, pretende facilitar que as persoas que acoden a DMD na procura de axuda poidan exercer os seus dereitos, especialmente cando existe unha deterioración irreversible por enfermidade avanzada ou terminal e cunha experiencia de sufrimento intolerable.

DMD ofrece atención inicial a calquera persoa que o necesite de xeito gratuíto, aínda que unha parte da atención, máis especializada, ofrécese so a socias e socios.

- Asesoramento especializado
- Asesoramento xurídico sobre dereitos sanitarios ao final da vida
- Información sobre Testamento Vital: modelos, requisitos, rexistro, utilidade, etc.
- Información sobre recursos asistenciais existentes: coidados paliativos públicos e privados
- Asesoramento e acompañamento na toma de decisións ao final da vida
- Guía de morte Voluntaria
(Só se entrega con 3 meses de antigüidade, previa petición. Actualizada periodicamente por profesionais da asociación)


Atención Personalizada de DMD Galicia

DMD Galicia traballa a atención personalizada ao final da vida de forma conxunta coa oficina de DMD Federal. Dende hai anos, DMD Galicia viña sendo un apoio para as atencións derivadas dende Federal. Este ano 2021 o equipo de Atención de DMD Galicia reforzouse coa intención de xestionar toda a atención en Galicia, co apoio de DMD Federal se fose necesario.

Destacamos:

- Un caso en Lugo de acompañamento nos atrancos no proceso de solicitude de axuda a morrer e a reclamación á CGA para o nomeamento doutro MR.
- Un caso en Vigo en que se facilita información e axuda para o rexistro do TV a unha persoa cunha afectación moi grave tras hemorraxia cerebral masiva, ingresada en clínica privada.

A tipoloxía das atencións en Galicia é similar á do resto do país, amosamos a continuación os datos recollidos pola oficina de DMD Federal:





#LIBRES

HASTA EL

FINAL

ASOCIACIÓN **DERECHO A**
MORIR DIGNAMENTE

Esta memoria corresponde a la Asociación DMD Galicia 2021 y parte de la misma quedará reflejada en la memoria de DMD Federal. Todas las memorias se publicarán a lo largo de 2022 y podrán consultarse en la página web de la asociación: www.derechoamorrir.org

